

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Auditoría e Avaliación Pública** | | | | |
| Materia | Auditoría e Avaliación Pública | | | |
| Código | P04M125V01110 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 3 | OB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Varela Álvarez, Enrique José | | | |
| Profesorado | Varela Álvarez, Enrique José | | | |
| Correo-e | evalvarez@uvigo.es | | | |
| Web | http://http://webdepx11.webs.uvigo.es/index.php/gl/component/content/article/48.html | | | |
| Descrición xeral | Materia vinculada co rendemento e a percepción das organizacións públicas, mesmo das institucións do Estado multinivel.<br>Así a auditoría (do latín *audire, *oir ou escoitar) e a avaliación (sinalar e/ou calcular o valor de algo, estimar, apreciar) son dúas formas de aproximar aos expertos á implementación das políticas e programas públicos, tamén ao funcionamento das organizacións e mesmo dos empregados públicos que traballan con elas. Non hai que esquecer a "outra mirada", a que lle corresponde aos usuarios, clientes, administrados, todos eles cidadáns, destas organizacións públicas. Unha parte da avaliación "inmaterial" fana eles (nós), a través das múltiples interaccións que temos co funcionamento dos servizos públicos locais, autonómicos e/ou estatais.<br><br>Vemos así, que a auditoría e avaliación non son outra cousa que aproximacións científicas a un maior e mellor coñecemento sobre o rendemento de todo aquilo que se define como a "cousa pública".<br><br>Na materia que comezamos a continuación, imos centrar os esforzos de aprendizaxe nunha das dimensións deste binomio: a avaliación do impacto. Para iso, analizaremos os modelos de avaliación das organizacións de forma que podamos distinguir entre resultados e impacto, entre percepción e satisfacción. | | | |

| Competencias | |
|---|---|
| Código | |
| A3 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B1 | Capacidade de fomentar, en contextos académicos e profesionais, o avance do coñecemento no eido da xestión pública a través dunha investigación orixinal. |
| B6 | Habilidade para deseñar, crear, desenvolver e emprender proxectos innovadores no eido da xestión pública e das ciencias sociais en xeral. |
| B7 | Capacidade para xerar novas ideas (creatividade) que permita o avance do coñecemento da xestión pública. |
| B8 | Capacidade para resolver problemas en contornas novas ou pouco coñecidas relacionados coa xestión pública. |
| C10 | Coñecer os compoñentes e lóxica interna de cada unha das fases das políticas públicas de xeito exhaustivo. |
| D3 | Capacidade de traballo en equipo interdisciplinar. |
| D5 | Habilidade de aprendizaxe autodirixida e traballo autónomo no eido das ciencias sociais. |

| Resultados de aprendizaxe | |
|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |

| | |
|---|---|
| Ser capaz de emitir xuízos a partir do coñecemento dos diferentes enfoques sobre avaliación | A3<br>B1<br>C10 |
| Ser creativos no deseño de proxectos e na procura de solucións traballando en equipo. | B6<br>B7<br>B8<br>D3<br>D5 |

| **Contidos** | |
|---|---|
| Tema | |
| TEMA 1. TEORÍA DA AVALIACIÓN PÚBLICA | 1.1. Posicionamento do concepto de avaliación no ámbito público, das súas políticas e programas.<br><br>1.2. Descrición e análise dos diferentes modelos teóricos de avaliación pública, fundamentalmente no marco dos programas norteamericanos de educación pública. |
| TEMA 2. XESTIÓN DA AVALIACIÓN PÚBLICA | 2.1. Avaliación de resultados, impactos, percepcións e satisfacción. Que é que? Quen fai que?<br><br>2.2. A Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e Calidade dos Servizos (AEVAL), e a "función avaliadora".<br><br>2.3. O deseño da política de avaliación da Administración Xeral do Estado en España: EVAM e EFQM |

| **Planificación** | | | |
|---|---|---|---|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Foros de discusión | 0 | 18 | 18 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 0 | 32 | 32 |
| Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar) | 0 | 25 | 25 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado. | | | |

| **Metodoloxía docente** | |
|---|---|
| | Descrición |
| Foros de discusión | Actividade desenvolvida nunha contorna virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | A través de Faitic: Lectura de textos, actividades de autoavaliación, visualización pílulas e tutorías online |
| Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar) | Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través do TIC de maneira autónoma. |

| **Atención personalizada** | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Foros de discusión | Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). |
| Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar) | Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Foros de discusión | Participación activa nos diferentes foros (dúbidas, preguntas e debates), establecidos ao efecto, para desenvolver unha aprendizaxe colectiva sobre o tema | 100 | A3 | B1<br>B6<br>B7<br>B8 | C10 | D3<br>D5 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

- La información sobre las actividades evaluativas está disponible en el espacio de la asignatura en Faitic, bajo la etiqueta Evaluación de cada tema.
- El alumnado tendrá opción a presentarse a la convocatoria de junio-julio a partir de la adaptación que de estas actividades realice el docente y cuyo contenido será colgado de la plataforma.

**Bibliografía. Fontes de información**

**Bibliografía Básica**

**Bibliografía Complementaria**


Xavier Ballart, **Modelos teóricos para la práctica de la evaluación de programas**, Instituto Nacional de Administración Pública,

Xavier Ballart, **Evaluación de políticas Marco conceptual y organización institucional,**, Revista Estudios Políticos,

Marisa Merino, **La evaluabilidad: de instrumento de gestión a herramienta estratégica en la evaluación de políticas públicas**, Papeles AEVAL,

VV.AA., **La función evaluadora: principios orientadores y directrices de actuación en la evaluación de políticas y programas"**, AEVAL,

VV.AA., **Guía de evaluación Modelo EVAM. Modelo de Evaluación, Aprendizaje y Mejora**, AEVAL,

VV.AA., **Guía de Autoevaluación para la Administración Pública. Modelo EFQM de Excelencia**, Ministerio de Administraciones Públicas,


**Recomendacións**

**Materias que continúan o temario**

Traballo de Fin de Máster/P04M125V01209

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Innovación Administrativa e Modelos de Xestión de Servizos Públicos/P04M125V01106
Políticas Públicas. Da Análise do Problema á Implementación/P04M125V01109
Proceso de Análise I: Técnicas Cualitativas/P04M125V01205
Proceso de Análise II: Técnicas Cuantitativas/P04M125V01206

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Análise Política: Institucións, Actores e Procesos/P04M125V01103
Retos da Gobernanza: Corrupción e Desafección Política/P04M125V01102
Teoría Política Contemporánea/P04M125V01101

**Outros comentarios**

Será requisito necesario para o desenvolvemento da materia que o profesorado da mesma poida dispor dunha FOTOGRAFÍA actualizada do alumnado que deberán subir á plataforma a comezos de curso, e sempre antes do día 30 de setembro.

A única finalidade do tratamento deste dato é que o profesorado da materia poida verificar a identidade do alumnado matriculado na mesma.
A base de lexitimación para o tratamento deste dato realízase en aplicación do disposto no artigo 6.1e) do RXPD no que o tratamento é necesario para o exercicio do poder públicos conferidos ao responsable do tratamento baseados no artigo 9 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 25.7 do RD 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario.
O acceso á imaxe e aos datos persoais do alumnado só é permitido ao profesorado de cada materia para a realización das actividades académicas indicadas nesta guía docente e non serán utilizados nin divulgados para ningunha outra finalidade, debendo gardar o correspondente deber de confidencialidade dos mesmos.
Máis información: https://www.uvigo.gal/proteccion-datos

**Plan de Continxencias**

**Descrición**

Esta asignatura impártese baixo a modalidade "online". Polo tanto, non é necesaria a adaptación das metodoloxías nin das probas de avaliación ante unha posible alerta sanitaria provocada pola COVID- 19